ANXO MOURE

O proxecto Contos Solidarios nace no ano 2000 da mán da ONGD chantadina Bicis pola Paz, sendo monitorizado polo colectivo de educación ambiental Papaventos e financiado pola convocatoria de sensibilización de Cooperación Galega. Contos Solidarios percorreu máis de cincocentas escolas e visitou a máis de 60.000 nenas e nenos co obxectivo de sensibilizar e concienciar as/os alumnas/os sobre a necesidade dun compromiso solidario coa xustiza e a liberdade, empregando como ferramenta lúdico-pedagóxica o conto, a poesía, o humor, a mímica...

MAQUILLAXE

Un dos obradoiros que se levaron a cabo na Semana das Letras Galegas e dentro do marco da celebración do 25 Aniversario do colexio, foi o de maquillaxe.
Nenos e nenas esperaban con ilusión imaxinando ser bolboretas, gatos, princesas ou paiasos. Esta actividade de maquillaxe favoreceu a deshinibición dos nenos/as máis tímidos e retraídos que, en principio resistíanse a seren maquillados, pero ao observar o gusto e disfrute dos compañeiros produciuse neles o contaxio e as gañas de imitalos.
Así pois, a experiencia pode valorarse como enriquecedora e gratificante porque, entre outras cousas, rómpese coa idea pechada de aula e permite establecer relacións entre nenos e nenas con intereses semellantes.
Dito obradoiro foi unha ocasión para que aprenderan a amosar as súas emocións, situarse en grupo e comunicarse cos demáis. En definitiva, intercambiaron e compartiron relacións e sentimentos.

OBRADOIRO DE BAILE

Por aquí pasaron unha chea de nenas (e nenos, anque menos), con moitas ganas de marcha…(basta con ve-la foto para darse de conta). E bailamos dende danzas do mundo (Balaio, O carrillón de Dunkerke, Pata Pata…), ata algunha ao máis puro estilo “agarrao” (O señor da serra,..), sen faltar, coma non, os grandes éxitos do noso amigo Xabarín (Quero xamón,Non todo é o que parece…). I é que a estes nen@s non hai baile que se lle resista…

XOGOS TRADICIONAIS

Nesta actividade, que estivo compartida por alumnos de EP e EP, póidose xogar ao diábolo, bolos, corda, aro, zancos, etc. Ademais poidéronse construir xogos manuais con aramio que permitían axilizar a agudeza e os conceitos espaciais.

Todas estas actividades tiveron como obxectivo achegar ao alumnado a formas de diversión baratas, cooperativas e alternativas ás habitualmente empregadas.